

NAMÓRATE DE SANTA COMBA



BASES 2024

A Asociación de Empresarios de Santa Comba organiza a campaña “**Namórate de Santa Comba**” coa finalidade de incentivar e promocionar as compras nos establecementos comerciais polo día dos Namorados.

1. Poderán participar tódalas empresas asociadas.
Os locais que decidan participar deberán de comunicalo antes do luns 29 de xaneiro ás 12:00h. nos contactos da Asociación 981818604 e 633181817 de luns a venres de 09:30 a 15:00h.
O 1 de febreiro de 2023 publicarase **o cartel definitivo** onde aparecerán cada un dos locais participantes.
2. A campaña **comezará o mércores 7** de febreiro e **rematará o mércores 14** dese mesmo mes.
3. Antes do comezo da campaña, entregarase a cada local participante un cartel, papeletas e globos para colocar nunha zona visible desde o exterior.
4. As papeletas entregaranse aos clientes de maneira gratuíta por compra realizada, sen establecer a contía do importe polo cal se entregarán as papeletas aos clientes.
5. Cada local participante deberá dispoñer dunha urna de cartón ou similar na cal se introducirán as papeletas cos nomes e contactos dos clientes.
É indispensable anotar nas papeletas o contacto dos clientes para avisalo no caso de que sexa premiado.
6. O xoves 15 de febreiro, a nosa entidade recollerá as papeletas de cada un dos establecementos participantes.
7. Sortearase **unha noite para dúas persoas** nunha cabana con jacuzzi, almorzo e detalle de benvida en Air Ferverza (Concello de Mazaricos).
8. O **venres 16 de febreiro** realizarase **o sorteo**.
9. A entidade contactará coa persoa premiada nas xornadas próximas ao día do sorteo.
10. O **premio recollerase** na oficina da Asociación sita na Rúa Pontevedra nº 9 entreplanta de luns a venres de 09:30 a 15:00 h. **antes do 29 de febreiro de 2023**.
11. Non poderán participar na campaña o xerente, empregados nin familia directa nas papeletas entregadas no seu establecemento.
12. A participación no concurso supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 16 de xaneiro de 2023.

Diego Vilas Boga
Presidente
Asociación de Empresarios de Santa Comba